

OBXECTIVOS

- Formar na xestión e montaxe de obras de CLT de xeito que os alumnos sexan capaces de interpretar a documentación técnica do proxecto, planificar a súa execución dispoñendo dos materiais ferramentas e medios auxiliares necesarios, así como as medidas de protección de saúde necesarias para acometer a súa montaxe, coñecendo os detalles construtivos necesarios para acometelos con éxito na obra
- Está destinado a traballadores en activo do sector da construción con experiencia previa como operarios de obra, preferentemente en montaxe doutros sistemas estruturais de madeira

METODOLOXÍA

- A formación ten un marcado carácter práctico, buscando a excelencia das estruturas resultando un produto final de calidade e garantías dunha montaxe acorde ás especificacións do proxecto
- Impartirase, de **xeito presencial**, en catro sesións: os días 8, 9 e 10 de novembro, nas instalacións da **Fundación Laboral da Construcción**, en Santiago de Compostela, e a xornada do 11 de novembro desenvolverase nas instalacións de **Xilonor**, en Coirós.

ESTRUTURA E CONTIDOS

CLT; planos e proxectos; proxecto de execución e organización da obra; replanteo; e fases de montaxe

Detalles construtivos

Prácticas de montaxe

Visita a fabrica de CLT (Xilonor)



DATA



HORARIO



IMPARTE



LUGAR

8 de novembro

09:30-18:00 horas

Manuel Lobo
Alberto Duarte

Fundación Laboral
da Construcción

9 de novembro

09:30-18:00 horas

Manuel Lobo
Alberto Duarte

Fundación Laboral
da Construcción

10 de novembro

09:30-18:00 horas

Alberto Duarte
Javier Álvarez
Víctor Fuentes

Fundación Laboral
da Construcción

11 de novembro

09:30-13:00 horas

Zara Álvarez

Xilonor



CONSULTE AS CONDICIÓN S DE PARTICIPACIÓN



BOLETÍN DE INSCRICIÓN

MÁS INFORMACIÓN

Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia
981 937 261 / xerencia@clustermadeira.com

CLT; PLANOS E PROXECTO; PROXECTO DE EXECUCIÓN E ORGANIZACIÓN DA OBRA; REPLANTEO E FASES DE MONTAXE

DATA

8 de novembro de 2021

HORARIO

09:30-18:00 horas

LUGAR

Fundación Laboral da Construción

IMPARTEN

Manuel Lobo

Alberto Duarte

CONTIDOS

UNIDADE 1- CLT

- Presentación do produto
- Vantaxes CLT
- Fabricación do produto
- Dimensións, gama de produto, composición de capas e características
- Producción

UNIDADE 2- PLANOS E PROXECTO

- Lectura de planos de proxecto de edificios con CLT
- Como deseñar paredes e forxados con CLT para minimizar o desperdicio e conseguir máis funcionalidade

UNIDADE 3 – PROXECTO DE EXECUCIÓN E ORGANIZACIÓN DA OBRA

- Lectura do proxecto de execución
- Organización de obra e das fases da montaxe
- Xestión e organización da obra
- Traballar na fase da montaxe

UNIDADE 4 – REPLANTEO

- Replanteo do arranque sobre a cimentación e comprobación de dimensión
- Métodos de replanteo en planta e en altura
- Exemplos prácticos de replanteo

UNIDADE 5 – FASES DE MONTAXE

- Fases de montaxe dun edificio de madeira: información xeral

DETALLES CONSTRUTIVOS

DATA

9 de novembro de 2021

HORARIO

09:30-18:00 horas

LUGAR

Fundación Laboral da Construción

IMPARTEN

Manuel Lobo

Alberto Duarte

CONTIDOS

- Arranques de muro
 - Durabilidade por deseño
 - Tipos de arranque
 - Membranas para impermeabilización e cintas para estanqueidade
 - Conectores
 - Preparación da obra
- Muros
 - Elementos de conexión entre muros
 - Paquete de cerramento con aislante e ventilación
- Montaxe de montantes de fachada
- Cintas e membranas para impermeabilización e estanqueidade
- Conectores a empregar
- Forxados
 - Conexións muro-forxado
 - Paquete de forxado e sistemas construtivos de forxado
 - Forxado colaborante madeira-madeira ou madeira-formigón
 - Acústica
- Cubertas
 - Conexión muros-cuberta
 - Cintas e membranas para impermeabilización e estanqueidade
 - Acústica
 - Paquete de cuberta
- Vigas
 - Exemplos prácticos e consellos en obra
 - Conexións vigas-CLT

PRÁCTICAS DE MONTAXE

DATA

10 de novembro de 2021

HORARIO

09:30-18:00 horas

LUGAR

Fundación Laboral da Construción

IMPARTEN

Alberto Duarte

Javier Álvarez de Antonio

Víctor Fuentes López

CONTIDOS

- Replanteo da pegada do edificio
- Seguridade en obra: liñas de vida, anclaxes seguridade, etc.
- Colocación de láminas impermeables sobre a cimentación
- Descarga e organización dos paneis
- Protección dos acopios en obra
- Nivelación e colocación dos elementos de arranque
- Orde de montaxe dunha estrutura de CLT
- Montaxe de muros
- Elevación dos paneis
- Montaxe de forxados
- Montaxe de muros de plantas superiores
- Colocación de cuberta
- Exemplo de colocación de cinta de estanqueidade
- Exemplo de colocación de lámina impermeable

VISITA A FÁBRICA DE CLT (XILONOR)

DATA

11 de novembro de 2021

HORARIO

09:30-13:00 horas

LUGAR

[XILONOR](#)

Polígono Industrial de Coirós, A Coruña.

GUÍA E EXPLICACIÓN NA VISITA

Zara Álvarez

NOTA

Dada a situación actual por causa do COVID, cada alumno realizará a visita á fábrica empregando os seus propios medios de desprazamento.

MANUEL LOBO

- Arquitecto técnico (UPM, ano 2000)
- Especialista en construción con madeira do equipo de consultoría técnica de [Finsa](#)
- Passivhaus Designer
- Colaborador de cursos especializados en construción industrializada (Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Madrid) e de construción con madeira da Universidade Politécnica de Madrid
- Divulgador de construción con madeira en congresos especializados (Conferencia Passivhaus 2020, Contract 2018, Rebuild 2019, Rebuild 2020), así como noutras accións divulgativas de proxectos como Lugo + Biodinámico ou EcoTimbercell)

ALBERTO DUARTE

- CEO en Lygnum Proyectos, S.L., empresa que creou en 2017 tras varios anos como xerente noutra empresa de construcións de madeira situada en Canarias
- Traballa no sector da madeira dende hai máis de 25 anos, nos que realizou numerosas construcións de madeira laminada de gran formato e de CLT
- Entre os seus numerosos cursos, destacan: FP 2º grao de madeira e Tradeperson Passive House
- Ten experiencia como formador en distintas xornadas Masterclass para arquitectos na Universidade de Granada

VÍCTOR FUENTES LÓPEZ

- Sempre estivo vinculado a empresas do sector da construción
- Socio dende 1994 e xerente dende 2005 de V. Fuentes Casas, S.A. Holl Rene S.L. e Puente Onuba Promociones, S.L., empresas adicadas á promoción e construción de vivendas
- Dende 2011, adícase á construción de estruturas de madeira, sendo parte de Lygnum Proxectos S.L. dende os seus inicios
- Foi formador nos cursos de Formación Continua para a Federación Onubense de Empresarios (F.O.E.)
- Realizou estudos de necesidades formativas do sector da madeira e o calzado e elaboración de temarios TGI (Tecnoloxía e Xestión da Innovación)

JAVIER ÁLVAREZ DE ANTONIO

- Oficial de carpintaría con máis de 25 anos de experiencia no sector da madeira
- Comezou deseñando e fabricando mobles a medida
- Especialista en realización de maquetas, traballando para importantes estudos de arquitectura, tanto nacionais como internacionais
- Actualmente forma parte da empresa Lygnum Projectos S.L., onde participa na construción de estruturas de madeira de distinto tamaño e é experto en colocación de CLT

ZARA ÁLVAREZ ÁLVARES

- Arquitecta pola ETSAC (2014)
- Máster en Construción da USC (2018)
- Na actualidade, traballa na oficina técnica de Xilonor, primeiro fabricante galego de CLT
- Anteriormente, traballou en diferentes estudos de arquitectura e no equipo de sistemas construtivos de Finsa

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- a) A asistencia ao curso é gratuíta, estando financiada ao 100% pola Axencia Galega de Industria Forestal.
- b) A empresa deberá abonar 85€ por alumno, en concepto de reserva de praza, no momento de formalizar a inscrición.
- c) O Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia reembolsará o 100% do importe satisfeito pola empresa unha vez rematado o curso, sempre e cando o alumno asista, como mínimo, ao 80% do curso.
- d) Se o alumno non asistira ao 80% do curso, ou máis, a empresa perderá o dereito ao reembolso das cantidades aportadas. O mesmo ocorre se o alumno renuncia ao curso a partir do 3º día antes do inicio do mesmo.
- e) O curso pecharase coas 12 primeiras inscricións, admitidas segundo rigorosa orde de inscrición
- f) Se non existe un número mínimo de 12 alumnos, o curso non se celebrará, reembolsando o total do importe de reserva de praza ás persoas que realizaron o pagamento

NÚMERO DE CONTA PARA A INSCRICIÓN

Para formalizar a inscrición no curso, cómpre facer o ingreso de reserva no número de conta:

ES96 2080 0443 4630 4000 2148 (A BANCA)

e enviar o xustificante de pago a info@clustermadeira.com, baixo o concepto **RESERVA DE PRAZA CON DEREITO A REEMBOLSO**.

DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN:

Mércores, 6 de outubro de 2021



BOLETÍN DE INSCRICIÓN

MÁIS INFORMACIÓN

Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia
981 937 261 / xerencia@clustermadeira.com

VOLVER AO INICIO